



## SERVIZO JSON COA PREDICIÓN DE MAREAS

O documento que se presenta a continuación contén a descrición dos datos presentados polo arquivo en formato JSON coa predición de mareas con ligazón <https://servizos.meteogalicia.gal/mgrss/predicion/mareas/jsonMareas.action>.

Este JSON permite coñecer as horas das baixamareas e preamareas dun listado de portos dispoñibles, así que como a altura da marea.

Esta información móstrase por defecto para o día actual ou ben, con parámetros adecuados, pódese obter para un día ou intervalos pasados, ata un máximo de 30 días.

Para ver máis información sobre a predición de mareas consulte a páxina web: <https://www.meteogalicia.gal/web/predicion/mareas-e-luas>

## Introdución formato JSON

O formato JSON <sup>1</sup>(JavaScript Object Notation - Notación de Objetos de JavaScript) é un formato lixeiro de intercambio de datos.

JSON está constituído por dúas estruturas:

- Unha colección de pares nome/valor.
- Unha lista ordenada de valores.

## Estrutura do arquivo JSON

Este arquivo está formado pola seguinte colección de pares nome/valor:

**data:** Data á que se refire a predición. En formato: aaaa-mm-ddT00:00:00.

**idPorto:** Identificador do porto ao que fai referencia a predición.

**nomePorto:** Nome do porto ao que fai referencia a predición.

**lonxitude:** Coordenada da lonxitude do porto.

**latitude:** Coordenada da latitude do porto.

**idPortoRef:** Identificador do porto a partires do cal obtívose esta predición.

**listaMareas:** lista de cada unha das mareas preditas nesa data. Cada un dos elementos da lista está formada polos seguintes par/valor:

**altura:** Altura da marea O separador decimal é un punto “.”.

---

1 Para máis información sobre o formato JSON consulte: <http://www.json.org/json-es.html>



**data:** Día da predición, con fomato: aaaa-mm-ddTHH:mm:ss

**hora:** Hora da predición, con formato HH:mm.

**idPorto:** Identificador do porto ao que fai referencia a predición.

**idTipoMarea:** Identificador do tipo de marea (0: Baixamar, 1: Preamar).

**tipoMarea:** Descrición do tipo de marea.

## Parámetros de consulta

Por defecto (sen parámetros) este servizo devolve a información para o día actual.

### Consulta para un día concreto:

Para consultar a información para un día diferente ó de hoxe debe pasar na propia url un parámetro denominado "data".

Este parámetro ten que levar a data que desexe consultar no formato "dd/mm/aaaa". Por exemplo, si quere consultar a información de mareas para o día 25 de novembro do 2009. A url de consulta será:

<https://servizos.meteogalicia.gal/mgrss/predicion/mareas/jsonMareas.action?data=25/11/2009>

### Consulta dun intervalo de días:

Permite tamén especificar un rango de datas: os parámetros son *dataIni* e *dataFin* e deben ir seguidos dunha data en formato dd/MM/yyyy. Donde *dataFin* debe ser maior que *dataIni* e como moito amosaranse 30 días.

Exemplo para a consulta de mareas entre o día 27 e 29 de marzo de 2013:

<https://servizos.meteogalicia.gal/mgrss/predicion/mareas/jsonMareas.action?dataIni=27/3/2013&dataFin=29/3/2013>

### Consulta para un porto concreto:

É posible tamén facer as consultas anteriores para un porto concreto, incluíndo o parámetro idPorto.

Exemplo para a consulta das mareas do día 25 de novembro de 2009 no porto de A Coruña:

<https://servizos.meteogalicia.gal/mgrss/predicion/mareas/jsonMareas.action?data=25/11/2009&idPorto=1>



Os identificadores de todos os portos dispoñibles son os seguintes:

<b>IdPorto</b>	<b>Porto</b>
1	A Coruña
2	Xixón
3	Vigo
4	Vilagarcía
6	Ría de Foz
7	Corcubión
8	Ría de Camariñas
9	Ría de Corme
10	A Guarda
11	Ribeira
12	Muros
13	Pontevedra
14	Ferrol Porto exterior
15	Marín
16	Ferrol